

V TORNEO DE PÁDEL – CONCELLO DE BEGONTE

- ✚ O torneo levarase a cabo na pista de pádel do Concello de Begonte, situada nas inmediacións do Centro de Saúde.
- ✚ O importe da inscrición (20€/parella) deberá ser aboado á organización no Concello de Begonte.
- ✚ Cada participante recibirá como obsequio a *Welcome Pack* do torneo.
- ✚ A organización aportará augas (2 de tamaño pequeno para cada xogador/partido) así como pelotas de pádel.
- ✚ Cada partido do cadro principal xogarase ó mellor de 3 sets con *tie-break* en cada un deles se fose preciso e coa norma de **PUNTO DE OURO**.
- ✚ Terán dereito a acceder ó **CADRO DE CONSOLACIÓN** as parellas perdedoras do seu primeiro partido.
- ✚ Os partidos do cadro de consolación xogaranse a un set de 9 xogos, con *tie-break* no caso de empate a 8, excepto a final, que será partido normal.
- ✚ Os partidos auto arbitraranse, serán os propios xogadores os que arbitren os seus partidos. En caso de dúbida ou non poñerse de acordo consultarase co xuíz árbitro.
- ✚ No momento no que unha parella ou un membro dunha parella se presente con máis de 20 minutos de retraso, dito equipo declararase como perdedor.
- ✚ Intentarase respectar a dispoñibilidade das parellas sempre e cando sexa posible.
- ✚ Ante a posibilidade de cambiar un partido de hora ou data, este cambio deberá de ser consultado previamente coa organización.
- ✚ Todos/as participantes/as contan con seguro de accidentes deportivos. En caso de ser necesaria a súa utilización, deberá ser informado a organización.

Organización: 619455026 (David - Concello de Begonte)

